

21/22/23

FEBREIRO

VII FESTIVAL ROSALÍA / 2025



Deputación
DA CORUÑA



CASA DE ROSALÍA



CONCELLO DE
SANTIAGO



SEN POMBAS
NIN FLORES

"D'aquelas que cantan as pombas y as frores
Todos dín que teñen alma de muller,
Pois eu que n'as canto, Virxe d'a Paloma,
¡Ay! ¿de que' a terei?"

(*Follas novas*, Rosalía de Castro)



POSTOS DA FEIRA

22 e 23 de febreiro, na Praza de Mazarelos. Consultar horarios de apertura no programa completo.

Acontravento. *Deseño de roupa.*

Árhore Azul. *Ilustración, tradución e promoción da lectura /creatividade.*

Casperolota Atelier. *Bonecas artesanais, ecoprint, complementos botánicos.*

Coas Mans Artesanía.
Obradoiro de cerámica e vidro.

Cuire Acuarelas.
Acuarelas e impresións.

I3D. *Deseño galego impreso en 3D.*

Librería Pedreira. *Libros en lingua galega.*

PROGRAMA

VENRES 21/02 | PADRÓN

17.00 h | **Visita guiada á Casa Rosalía, con Anxo Angueira.** Prazas limitadas. Fretarase un autobús desde Santiago con saída ás 16.30 h. Inscricións (só visita ou autobús e visita): www.i.gal/VisitaRosalia

SÁBADO 22/02 | COMPOSTELA

Praza de Mazarelos

11.00 h | **Apertura da feira e do obradoiro de maquillaxe** (con Sisel, mañá e tarde).

11.30 h | **Pasarrúas Rosaliano – Con Os Quinquilláns.**



Pasarrúas teatralizado (circular). En 1880 Rosalía está a punto de abandonar Compostela, onde deixa canto máis quixo. Ela e o seu amigo de mocidade, J. M. Paz Novoa, pasean pola cidade. Acompañaos Luís "O Caruncho" coas súas cancións e regueifas.

12.00 h | **Obradoiro de regueifa para familias e mostra de improvisación – Co Regueifa Tour e Manolo Maseda e Séchu Sende, do Proxecto Regueifesta.**



Sabemos que Rosalía, ademais de escribir, improvisaba poesía e gostaba de cantar. Neste obradoiro aprenderemos a regueifar en familia, assistiremos a unha mostra protagonizada por xuventude regueifeira e farás connosco un vídeo coas túas propias coplas.

13.45 h | **Sesión Vermú – Co coro Encaixe.** O coro Encaixe é unha potaxe musical nada das inquietudes musicais e artísticas dos seus compoñentes. Toda esta variedade estilística converxe nunha aposta forte pola música elaborada en Galiza e Portugal.

14.30 h – 16.30 h | **Peche e reapertura da feira.**

17.00 h | **Presentación do colectivo – Somos Pandeireteiras.** Proxecto promovido por Mercedes Peón e composto polos grupos de pandeireteiras: Raigañas de Cerqueda (Malpica de Bergantiños), Xirifeiras (Fene) e a Asoc. C. Rosalía de Castro (Padrón), que reflexionan sobre outras formas de vivir a música desde a sororidade e coa convicción de crear o novo relato da existencia como tocadoras.

18.30 h | **Recital poético – Con Anxo Angueira, Nuria Vil e Andrea Nunes. Presentación do libro Cantares Miúdos – Con Anxo Angueira.**



20.00 h | **Peche da feira**

Teatro Principal

20.00 h | **Concerto – Tres Pesos**



Felisa Segade, Xoán Porto (Guancho) e Xosé Antón Ferreira (Pepe de Calo) presentan o proxecto no que levan traballando os últimos anos, Cantares e contares, disco baseado na recollida de música de tradición oral. Neste traballo fan da escena un novo punto de encontro entre os músicos e o público no que manter viva a nosa Cultura.

DOMINGO 23/02 | COMPOSTELA

Praza de Mazarelos

13.30 h | **Apertura da feira e dos xogos populares** (con Xotramu, mañá e tarde).

14.00 h | **Sesión vermú – Con Clo Plas.**



Clo Plas son o artista Berio Molina e a escritora Xiana Arias. Un proxecto performático que mestura a oralidade da montaña de Lugo con música experimental e midi.

16.00 h | **Quizz Rosaliano para toda a familia.**

Xogo para toda a familia arredor da figura da nosa Rosalía de Castro. Descubre canto sabes sobre a súa vida e obra de xeito divertido e consegue unha chea de premios rosalianos coa única axuda do teu teléfono móbil. Un xogo participativo no que descubrir e aprender xuntes!

17.00 h | **Rosalía de castro, como cor de ouro pálido – Con Rafa Fernández, Lara Dopazo e Iván Torres.**



A poesía de Rosalía serve como nexo de unión para que a música, a videocreación en vivo e a poesía converxan nunha conversa a tres bandas suxestiva, intensa e delicada, onde cada un destes oficios complementará o outro mesturándose entre eles.

18.00 h | **Peche da feira**

Colexio maior de Santo Agostiño

16.00 h e 17.15 h | **A Primavera vai chegar – Diálogo a tres voces con Faia Díaz, Paula Romero e Inés Salvado.**



Música, poesía, e o murmurio da cidade cóanse entre as pedras de Santo Agostiño, antiga sede do Liceo no que participou activamente Rosalía na súa xuventude. Proposta para aforo reducido que busca a intimidade do espazo, as resonancias da arquitectura, a voz da poeta como un eco aínda vivo e necesario hoxe.

Teatro Principal

18.30 h | **Teatro – Rosalía.** Dirixida por Fina Calleja, con Cris Collazo e Rocío González. As biografías non o contan, pero unha das grandes voces literarias da historia tamén foi nena e foi nena que cantaba e xogaba, que lía e comía chocolate. Esta Rosalía que aínda non precisaba apelidarse de Castro e que está a piques de marchar a Santiago é a protagonista desta obra de teatro que quere contarlles ás nenas e aos nenos que a infancia é o lugar onde medran as poetas: entre a rebeldía, as lecturas, a curiosidade, o xogo e as cancións con rimas e sen autor.



*Actividades de balde até completar aforo.

21/22/23
FEBREIRO

VII FESTIVAL ROSALÍA / 2025



Deputación
DA CORUÑA



CALO DE ROSALÍA



CONCELLO DE
SANTIAGO



SEN POMBAS
NIN FLORES